

IES de MONTERROSO

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

ANEXO: Aspectos específicos para a programación do Ámbito Científico e Matemático do Plan de Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento.

3º ESO.

DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS

CURSO 2021 – 2022

ÍNDICE

1. Contexto.....	3
2. Concreción curricular do Ámbito Científico-Matemático	4
3. Metodoloxía.....	16
(a) Estratexias metodolóxicas	16
(b) Outras decisións metodolóxicas	17
(c) <i>Decisións metodolóxicas co fin de adaptarse á situación sobrevida pola pandemia da COVID-19</i>	20
5. Medidas de atención á diversidade.....	21
6. Avaliación.....	22

1. CONTEXTO

1.1- Perfil do alumnado de PMAR

A planificación curricular do Programa de Mellora de Aprendizaxe e Rendemento está deseñada para un perfil moi concreto de alumnado. Fronte a heteroxeneidade do grupo ordinario, este alumnado ofrece a vantaxe de ter bastantes características comúns; é alumnado que non acada os obxectivos mínimos nun grupo normal polas seguintes circunstancias.

- Presentan dificultades relevantes de aprendizaxe que lles impiden seguir o ritmo da clase normal. Estas dificultades están relacionadas coas seguintes capacidades:
 - Resolver problemas abstractos, descubrir e seguir series lóxicas.
 - Razoar con conceptos matemáticos, aplicar o razoamento aritmético e usar con rapidez e seguridade o cálculo mental.
 - Comprender as ideas e conceptos expresados con palabras e razoar sobre eles.
 - Aplicar o coñecemento das regras ortográficas.
- Dificultades de integración no gran grupo, que provoca un rexeitamento polo proceso de aprendizaxe.
- Amosan boa disposición para o traballo escolar.
- Existen expectativas razoables de que coa incorporación ao programa poidan cursar o cuarto curso pola vía ordinaria.

Estas dificultades poden superarse nun grupo máis reducido de alumnado, por un lado, facilítalle ao profesorado un contacto máis directo, amplo e unha atención máis individualizada; por outro, serve para ampliar o ámbito de actividades do curso cara métodos prácticos (sempre máis aceptados polo alumnado) e máis instrumentais, aos que normalmente se lles adica menos tempo nun grupo ordinario.

O obxectivo último do programa de mellora do aprendizaxe e o rendemento é que o alumnado alcancen as competencias do primeiro ciclo da educación secundaria obrigatoria, poidan cursar o cuarto curso pola vía ordinaria e obteñan o título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

No caso do alumnado que non acade o obxectivo anterior, procuraremos abrílles as portas para estudos posteriores ou para o mercado laboral.

2. CONCRECIÓN CURRICULAR:

I. Secuenciación e temporalización:

Avaliación	Tema/Unidade didáctica	Código contido	Contido	Temporalización	
				Mes	Sesiões
Todas as avaliaciões	Elementos comúns	B1.1	O vocabulario científico na expresión oral e escrita.		
		B1.2	Metodoloxía científica: características básicas.		
		B1.3	Experimentación en bioloxía e xeoloxía: obtención, selección e interpretación de información de carácter científico a partir da selección e a recollida de mostras do medio natural ou doutras fontes.		
		B1.4	Planificación e realización do traballo experimental, e interpretación dos seus resultados.		
		B1.5	Normas de seguridade no laboratorio, e coidado dos instrumentos e do material.		
		B1.3	Aplicacións da ciencia á vida cotiá e á sociedade.		
		B1.4	Medida de magnitudes. Sistema Internacional de Unidades. Notación científica.		
		B1.1	Planificación e expresión verbal do proceso de resolución de problemas.		
		B1.2	Estratexias e procedementos postos en práctica: uso da linguaxe apropiada (gráfica, numérica, alxébrica, etc.), reformulación do problema, resolución de subproblemas, reconto exhaustivo, comezo por casos particulares sinxelos, procura de regularidades e leis, etc.		
		B1.3	Reflexión sobre os resultados: revisión das operacións utilizadas, asignación de unidades aos resultados, comprobación e interpretación das solucións no contexto da situación, procura doutras formas de resolución, etc.		
		B1.6	Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.		
1ª avaliaciön	1	B2.1	Características da materia viva e diferenzas coa materia inerte.	Setembro	15
		B2.2	A célula. Características básicas da célula procariota e eucariota, animal e vexetal.	Setembro	
		B3.3	A célula animal: estruturas celulares. Orgánulos celulares e a súa función.	Setembro	
		B2.3	Funcións vitais: nutrición, relación e reprodución.	Setembro	
		B3.1	Niveis de organización da materia viva.	Outubro	
		B3.2	Organización xeral do corpo humano: células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas.	Outubro	
		B3.4	Os tecidos do corpo humano: estrutura e funcións.	Outubro	
	2	B2.1	Estrutura atómica. Modelos atómicos.	Setembro	15
		B2.2	Isótopos.	Setembro	

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2021-2022 - DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS. ANEXO PMAR

		B2.3	Aplicacións dos isótopos.	Setembro	
		B2.4	Sistema periódico dos elementos.	Outubro	
		B2.5	Unións entre átomos: moléculas e cristais.	Outubro	
		B2.6	Masas atómicas e moleculares.	Novembro	
		B2.7	Elementos e compostos de especial interese con aplicacións industriais, tecnolóxicas e biomédicas.	Novembro	
		B2.8	Formulación e nomenclatura de compostos binarios seguindo as normas IUPAC.	Novembro	
	3	B2.1.	Potencias de números naturais con expoñente enteiro. Significado e uso. Potencias de base 10. Aplicación para a expresión de números moi pequenos. Operacións con números expresados en notación científica. Aplicación a problemas extraídos do ámbito social e físico.	Setembro	35
		B2.2.	Xerarquía de operacións.	Outubro	
		B2.3.	Números decimais e racionais. Transformación de fraccións en decimais e viceversa. Números decimais exactos e periódicos	Outubro	
		B2.4.	Operacións con fraccións e decimais. Cálculo aproximado e redondeo. Erro cometido.	Novembro	
		B2.5.	Elaboración e utilización de estratexias para o cálculo mental, para o cálculo aproximado e para o cálculo con calculadora ou outros medios tecnolóxicos.	Novembro	
	4	B3.12	Alimentación e nutrición. Alimentos e nutrientes: tipos e funcións básicas.	Novembro	18
		B3.13	Dieta e saúde. Dieta equilibrada. Deseño e análise de dietas. Hábitos nutricionais saudables. Trastornos da conduta alimentaria.	Novembro	
		B3.14	Función de nutrición. Visión global e integradora de aparellos e procesos que interveñen na nutrición.	Decembro	
		B3.15	Anatomía e fisioloxía dos aparellos dixestivo, respiratorio, circulatorio e excretor.	Decembro	
	5	B3.1	Reacción química.	Decembro	3
	6	B5.1	Fases e tarefas dun estudo estatístico. Poboación e mostra. Variables estatísticas: cualitativas, discretas e continuas.	Decembro	9
		B5.2	Métodos de selección dunha mostra estatística. Representatividade dunha mostra.	Decembro	
		B5.3	Frecuencias absolutas, relativas e acumuladas. Agrupación de datos en intervalos.	Decembro	
2ª avaliación	4 (Continuación)	B3.15	Anatomía e fisioloxía dos aparellos dixestivo, respiratorio, circulatorio e excretor.	Xaneiro	10
		B3.16	Alteracións máis frecuentes e doenzas asociadas aos aparellos que interveñen na nutrición: prevención e hábitos de vida saudables.	Xaneiro	
	5 (Continuación)	B3.2	Cálculos estequiométricos sinxelos.	Xaneiro	6
		B3.3	Lei de conservación da masa.	Xaneiro	
		B3.5	A química na sociedade e no ambiente.	Xaneiro	

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2021-2022 - DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS. ANEXO PMAR

	6 (Continuación)	B5.4	Gráficas estadísticas: construcción e interpretación.	Xaneiro	10
		B5.5	Parámetros de posición: media, moda, mediana e cuartís. Cálculo, interpretación e propiedades.	Xaneiro	
		B5.6	Parámetros de dispersión: rango, recorrido intercuartílico e desviación típica. Cálculo e interpretación.	Xaneiro	
		B5.8.	Interpretación conxunta da media e a desviación típica.	Xaneiro	
	7	B3.17	Función de relación. Sistema nervioso e sistema endócrino.	Febreiro	25
		B3.18	Órganos dos sentidos: estrutura e función; coidado e hixiene.	Febreiro	
		B3.19	Coordinación e sistema nervioso: organización e función.	Febreiro	
		B3.20	Doenzas comúns do sistema nervioso: causas, factores de risco e prevención.	Febreiro	
		B3.21	Sistema endócrino: glándulas endócrinas e o seu funcionamento. Principais alteracións.	Marzo	
		B3.22	Visión integradora dos sistemas nervioso e endócrino.	Marzo	
		B3.23	Aparello locomotor. Organización e relacións funcionais entre ósos, músculos e sistema nervioso.	Marzo	
		B3.24	Factores de risco e prevención das lesións.	Marzo	
	8	B4.1	Carga eléctrica.	Febreiro	10
		B4.2	Forza eléctrica.	Febreiro	
		B4.3	Imáns. Forza magnética.	Febreiro	
		B4.4	Electroimán.	Marzo	
	9	B3.1	Xeometría do plano: mediatriz dun segmento e bisectriz dun ángulo; ángulos e as súas relacións; perímetros e áreas de polígonos; lonxitude e área de figuras circulares. Propiedades.	Febreiro	30
		B3.2	Xeometría do espazo: áreas e volumes.	Febreiro	
		B3.3	Teorema de Tales. División dun segmento en partes proporcionais. Aplicación á resolución de problemas.	Marzo	
		B3.5	Uso de ferramentas pedagóxicas adecuadas, entre elas as tecnolóxicas, para estudar formas, configuracións e relacións xeométricas.	Marzo	
B3.6		O globo terráqueo. Coordenadas xeográficas. Latitude e lonxitude dun punto.	Marzo		
3 ^a avaliación	10	B3.25	Reproducción humana. Anatomía e fisioloxía do aparello reprodutor. Cambios físicos e psíquicos na adolescencia.	Abril	22
		B3.26	Ciclo menstrual. Fecundación, embarazo e parto.	Abril	
		B3.27	Análise dos métodos anticonceptivos.	Abril	
		B3.28	Doenzas de transmisión sexual: prevención.	Abril	
		B3.29	Técnicas de reprodución asistida.	Maio	

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2021-2022 - DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS. ANEXO PMAR

	B3.30	Reposta sexual humana. Sexo e sexualidade. Saúde e hixiene sexual.	Maio	
	B3.5	Saúde e doenza, e factores que as determinan.	Maio	
	B3.6	Doenzas infecciosas e non infecciosas.	Maio	
	B3.7	Hixiene e prevención. Hábitos e estilos de vida saudables.	Maio	
	B3.8	Sistema inmunitario. Vacinas, soros e antibióticos.	Maio	
	B3.9	Uso responsable de medicamentos.	Xuño	
	B3.10	Transplantes e doazón de células, sangue e órganos.	Xuño	
	B3.11	Substancias aditivas: tabaco, alcohol e outras drogas. Problemas asociados.	Xuño	
11	B5.1	Fontes de enerxía.	Abril	13
	B5.2	Uso racional da enerxía.	Abril	
	B5.3	Electricidade e circuítos eléctricos. Lei de Ohm.	Maio	
	B5.4	Transformacións da enerxía.	Maio	
	B5.5	Dispositivos electrónicos de uso frecuente.	Maio	
	B5.6	Tipos de enerxía.	Maio	
	B5.7	Aspectos industriais da enerxía.	Maio	
12	B2.8	Transformación de expresión alxébricas cunha indeterminada. Igualdades notables. Operacións elementais con polinomios.	Abril	27
	B2.9	Ecuacións de segundo grao cunha incógnita. Resolución por distintos métodos.	Abril	
	B2.10	Sistemas lineais de dúas ecuacións con dúas incógnitas. Resolución.	Abril	
	B2.11	Resolución de problemas mediante a utilización de ecuacións e sistemas.	Maio	
	B4.1	Análise e descrición cualitativa de gráficas que representan fenómenos do ámbito cotián e doutras materias.	Maio	
	B4.2	Análise dunha situación a partir do estudo das características locais e globais da gráfica correspondente.	Maio	
	B4.3	Análise e comparación de situacións de dependencia funcional dadas mediante táboas e enunciados.	Maio	
	B4.4	Utilización de modelos lineais para estudar situacións provenientes de diferentes ámbitos de coñecemento e da vida cotiá, mediante a confección da táboa, a representación gráfica e a obtención da expresión alxébrica.	Xuño	
	B4.5	Expresións da ecuación da recta.	Xuño	
	B4.6	Funcións cuadráticas. Representación gráfica. Utilización para representar situacións da vida cotiá.	Xuño	

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2021-2022 - DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS. ANEXO PMAR

II. Relación de aspectos curriculares para cada unidade didáctica:

Tema/UD	Código contido	Código estándar	Compet. clave	Estándar de aprendizaxe avaliable	Ensino semipresencial	Teleensino por confinamento (mínimos)	Instrumentos de avaliación
Elementos comúns	B1.1	BXB1.1.1	CCL CMCCT	Identifica os termos máis frecuentes do vocabulario científico, e exprésase de xeito correcto tanto oralmente como poretscrito.	Si	Si	LC
	B1.2 B1.3	BXB1.2.2	CD CCL	Transmite a información seleccionada de xeito preciso, utilizando diversos soportes.	Si	Si	LC
	B1.4 B1.5	BXB1.3.1	CMCCT CSC	Coñece e respecta as normas de seguridade no laboratorio, e coida os instrumentos e o material empregado.			LC
	B1.2	FQB1.2.1	CAA CCEC CMCCT	Relaciona a investigación científica coas aplicacións tecnolóxicas na vida cotiá.	Si	Si	LC
	B1.3	FQB1.3.1.	CMCCT	Establece relacións entre magnitudes e unidades, utilizando preferentemente o Sistema Internacional de Unidades e a notación científica para expresar os resultados correctamente.	Si	Si	LC PO
		FQB1.3.2	CAA CMCCT	Realiza medicións prácticas de magnitudes físicas da vida cotiá empregando o material e instrumentos apropiados, e expresa os resultados correctamente no Sistema Internacional de Unidades.	Si	Si	LC PO
	B1.1	MAPB1.1.1	CMCCT CL	Expresa verbalmente, de xeito razoado, o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados.	Si	Si	LC
	B1.2 B1.3	MAPB1.2.1	CMCCT CL	Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, e contexto do problema).	Si	Si	LC
		MAPB1.2.2	CMCCT	Valora a información dun enunciado e relaciónaa co número de solucións do problema.			LC
		MAPB1.2.3	CMCCT	Realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os resultados dos problemas que cumpra resolver, valorando a súa utilidade e a súa eficacia.			LC
		MAPB1.2.4	CMCCT CAA	Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas, reflexionando sobre o proceso de resolución de problemas.			LC
	B1.6	MAPB1.9.1	CMCCT CSIEE	Toma decisións nos procesos de resolución de problemas, de investigación e de matematizaciónou de modelización, e valora as consecuencias destas e a súa conveniencia polasúasinxeleza e utilidade.	Si	Si	LC
		MAPB1.10.1	CMCCT CAA	Reflexiona sobre os problemas resoltos e os procesos desenvolvidos, valorando a potencia e a sinxeleza das ideas clave, e aprende para situacións futuras similares.			LC

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2021-2022 - DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS. ANEXO PMAR

1	B2.1	BXB2.1.1	CMCCT	Diferencia a materia viva da inerte partindo das características particulares de ambas.	Si	Si	PO
	B2.2	BXB2.1.2	CMCCT	Establece comparativamente as analoxías e as diferenzas entre célula procariota e eucariota, e entre célula animal e vexetal.	Si	Si	PO CC
	B2.3	BXB2.2.1	CMCCT	Recoñece e diferencia a importancia de cada función para o mantemento da vida.	Si	Si	PO
		BXB2.2.2	CMCCT	Contrasta o proceso de nutrición autótrofa e nutrición heterótrofa, e deduce a relación entre elas.	Si	Si	PO
	B3.1	BXB3.1.1	CAA	Interpreta os niveis de organización no ser humano e procura a relación entre eles.	Si	Si	PO
	B3.2 B3.3	BXB3.1.2	CMCCT	Diferencia os tipos celulares e describe a función dos orgánulos máis importantes.	Si	Si	PO
	B3.4	BXB3.2.1	CMCCT	Recoñece os principais tecidos que conforman o corpo humano e asóciaos á súa función.	Si	Si	PO
2	B2.1	FQB2.1.1	CCEC CMCCT	Representa o átomo, a partir do número atómico e o número másico, utilizando o modelo planetario.	Si	Si	PO, LC
		FQB2.1.2	CMCCT	Describe as características das partículas subatómicas básicas e a súa localización no átomo.	Si	Si	PO, LC
		FQB2.1.3	CMCCT	Relaciona a notación A_ZX co número atómico e o número másico, determinando o número de cada tipo de partículas subatómicas básicas.	Si	Si	PO, LC
	B2.2 B2.3	FQB2.2.1	CMCCT CSC	Explica en que consiste un isótopo e comenta aplicacións dos isótopos radioactivos, a problemática dos residuos orixinados e as solucións para a súa xestión.	Si	Si	PO, LC
	B2.4	FQB2.3.1	CMCCT	Xustifica a actual ordenación dos elementos en grupos e períodos na táboa periódica.	Si	Si	PO, LC
		FQB2.3.2	CMCCT	Relaciona as principais propiedades de metais, non metais e gases nobres coa súa posición na táboa periódica e coa súa tendencia a formar ións, tomando como referencia o gas nobre máis próximo.	Si	Si	PO, LC
	B2.5 B2.6	FQB2.4.1	CMCCT	Explica o proceso de formación dun ión a partir do átomo correspondente, utilizando a notación adecuada para a súa representación.	Si		PO, LC
		FQB2.4.2	CMCCT	Explica como algúns átomos tenden a agruparse para formar moléculas interpretando este feito en substancias de uso frecuente, e calcula as súas masas moleculares.	Si		PO, LC
	B2.7	FQB2.5.1	CMCCT	Recoñece os átomos e as moléculas que compoñen substancias de uso frecuente, e clasifícaaas en elementos ou compostos, baseándose na súa fórmula química.	Si		PO, LC
	B2.8	FQB2.6.1	CCL CMCCT	Utiliza a linguaxe química para nomear e formular compostos binarios seguindo as normas IUPAC.			PO, LC
3	B2.1 B2.2	MAPB2.1.1	CMCCT	Aplica as propiedades das potencias para simplificar fraccións cuxos numeradores e denominadores son produtos de potencias.	Si	Si	PO REP

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2021-2022 - DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS. ANEXO PMAR

B2.3 B2.4 B2.5	MAPB2.1.2	CMCCT	Distingue, ao achar o decimal equivalente a unha fracción, entre decimais finitos e decimais infinitos periódicos, e indica, nese caso, o grupo de decimais que se repiten ou forman período.	Si	Si	PO REP	
	MAPB2.1.3	CMCCT	Expresa certos números moi grandes e moi pequenos en notación científica, opera con eles, con e sen calculadora, e utilízalos en problemas contextualizados.			PO REP	
	MAPB2.1.4	CMCCT	Distingue e emprega técnicas adecuadas para realizar aproximacións por defecto e por exceso dun número en problemas contextualizados, e xustifica os seus procedementos.	Si	Si	PO REP	
	MAPB2.1.5	CMCCT	Aplica axeitadamente técnicas de truncamento e redondeo en problemas contextualizados, recoñecendo os erros de aproximación en cada caso para determinar o procedemento máis axeitado.	Si	Si	PO REP	
	MAPB2.1.6	CMCCT	Expresa o resultado dun problema, utilizando a unidade de medida adecuada, en forma de número decimal, redondeándoo se é necesario coa marxe de erro ou precisión requiridas, de acordo coa natureza dos datos.	Si	Si	PO REP	
	MAPB2.1.7	CMCCT	Calcula o valor de expresións numéricas de números enteiros, decimais e fraccionarios mediante as operacións elementais e as potencias de números naturais e expoñente enteiro, aplicando correctamente a xerarquía das operacións.	Si	Si	PO REP	
	4	B3.12	BXB3.11.1	CMCCT	Discrimina o proceso de nutrición do da alimentación.	Si	Si
BXB3.11.2			CMCCT	Relaciona cada nutriente coa súa función no organismo, e recoñece hábitos nutricionais saudables.	Si	Si	PO
B3.13		BXB3.12.1	CAA CD	Deseña hábitos nutricionais saudables mediante a elaboración de dietas equilibradas, utilizando táboas con grupos de alimentos cos nutrientes principais presentes neles e o seu valor calórico.	Si	Si	TES CC
		BXB3.13.2	CAA CSC	Valora e determina unha dieta equilibrada para unha vida saudable e identifica os principais trastornos da conduta alimentaria.	Si	Si	TES
B3.14		BXB3.14.1	CMCCT	Determina e identifica, a partir de gráficos e esquemas, os órganos, os aparellos e os sistemas implicados na función de nutrición, e relaciónao coa súa contribución no proceso.	Si	Si	PO CC
		BXB3.15.1	CMCCT	Recoñece a función de cada aparello e de cada sistema nas funcións de nutrición.	Si	Si	PO
B3.15		BXB3.16.1	CMCCT	Coñece e explica os compoñentes dos aparellos dixestivo, circulatorio, respiratorio e excretor, e o seu funcionamento.	Si	Si	PO

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2021-2022 - DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS. ANEXO PMAR

	B3.16	BXB3.17.1	CMCCT	Diferencia as doenzas máis frecuentes dos órganos, os aparellos e os sistemas implicados na nutrición, e asóciaas coas súascausas.	Si	Si	LC
5	B3.1	FQB3.1.1	CMCCT	Representa e interpreta unha reacción química a partir da teoría atómico-molecular e a teoría de colisións.			PO LC
	B3.2	FQB3.2.1	CMCCT	Recoñece os reactivos e os produtos a partir da representación de reaccións químicas sinxelas, e comproba experimentalmente que se cumpre a lei de conservación da masa.			PO LC
		FQB3.2.2	CMCCT	Realiza os cálculos estequiométricos necesarios para a verificación da lei de conservación da masa en reaccións químicas sinxelas.	Si	Si	PO LC
	B3.5	FQB3.4.1	CMCCT CSC	Describe o impacto ambiental do dióxido de carbono, os óxidos de xofre, os óxidos de nitróxeno e os CFC e outros gases de efecto invernadoiro, en relación cos problemas ambientais de ámbito global.	Si		PO LC
6	B5.1 B5.2	MAPB5.1.1	CMCCT	Distingue poboación e mostra, e xustifica as diferenzas en problemas contextualizados.	Si		PO
		MAPB5.1.2	CMCCT	Valora a representatividade dunha mostra a través do procedemento de selección, en casos sinxelos.			PO
		MAPB5.1.3	CMCCT	Distingue entre variable cualitativa, cuantitativa discreta e cuantitativa continua, e pon exemplos.	Si		PO
	B5.3	MAPB5.1.4	CMCCT	Elabora táboas de frecuencias, relaciona os tipos de frecuencias e obtén información da táboa elaborada.	Si		PO REP
	B5.4	MAPB5.1.5	CMCCT	Constrúe, coa axuda de ferramentas tecnolóxicas, de ser necesario, gráficos estatísticos adecuados a distintas situacións relacionadas con variables asociadas a problemas sociais, económicos e da vida cotiá.			PO REP
		MAPB5.1.6	CMCCT	Planifica o proceso para a elaboración dun estudo estatístico, de xeito individual ou en grupo.			PO REP
	B5.5 B5.6 B5.8	MAPB5.2.1	CMCCT	Calcula e interpreta as medidas de posición dunha variable estatística para proporcionar un resumo dos datos.			PO REP
		MAPB5.2.2	CMCCT	Calcula os parámetros de dispersión dunha variable estatística (con calculadora e con folia de cálculo) para comparar a representatividade da media e describir os datos.	Si		PO REP
7	B3.17 B3.18	BXB3.18.1	CMCCT	Especifica a función de cada aparello e de cada sistema implicados nas funcións de relación.	Si	Si	PO

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2021-2022 - DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS. ANEXO PMAR

		BXB3.18.2	CMCCT	Describe os procesos implicados na función de relación, e identifica o órgano ou a estrutura responsables de cada proceso.	Si	Si	PO
		BXB3.18.3	CMCCT	Clasifica os tipos de receptores sensoriais e relaciónaos cos órganos dos sentidos en que se atopan.	Si	Si	PO
	B3.19 B3.20	BXB3.19.1	CMCCT CSC	Identifica algunhas doenzas comúns do sistema nervioso e relaciónaaas coas súas causas, cos factores de risco e coa súa p r e v e n c i ó n .	Si		CC
	B3.21	BXB3.20.1	CMCCT	Enumera as glándulas endócrinas e asocia con elas as hormonas segregadas e a súa función.	Si	Si	PO
	B3.22	BXB3.21.1	CMCCT	Recoñece algún proceso que teña lugar na vida cotiá no que se evidencie claramente a integración neuroendócrina.			LC
	B3.23	BXB3.22.1	CMCCT	Localiza os principais ósos e músculos do corpo humano en esquemas do aparello locomotor.	Si	Si	PO CC
		BXB3.23.1	CMCCT	Diferencia os tipos de músculos en función do seu tipo de contracción, e relaciónaos co sistema nervioso que os controla.	Si	Si	PO
	B3.24	BXB3.24.1	CSC CAA	Identifica os factores de risco máis frecuentes que poden afectar o aparello locomotor e relaciónaos coas lesións que producen.	Si	Si	CC
8	B4.1 B4.2	FQB4.1.1	CMCCT	Explica a relación entre as cargas eléctricas e a constitución da materia, e asocia a carga eléctrica dos corpos cun exceso ou defecto de electróns.	Si		PO LC
		FQB4.1.2	CCEC CMCCT	Relaciona cualitativamente a forza eléctrica que existe entre dous corpos coa súa carga e a distancia que os separa, e establece analogías e diferenzas entre as forzas gravitatoria e eléctrica.	Si		PO LC
	B4.3	FQB4.3.1	CMCCT	Recoñece fenómenos magnéticos identificando o imán como fonte natural do magnetismo, e describe a súa acción sobre distintos tipos de substancias magnéticas.	Si		PO LC
	B4.4	FQB4.4.1	CMCCT	Comproba e establece a relación entre o paso de corrente eléctrica e o magnetismo, construíndo un electroimán.			PO LC
9	B3.1 B3.2 B3.5	MAPB3.1.1	CMCCT	Coñece as propiedades dos puntos da mediatriz dun segmento e da bisectriz dun ángulo.			PO REP
		MAPB3.1.2	CMCCT	Utiliza as propiedades da mediatriz e a bisectriz para resolver problemas xeométricos sinxelos.	Si		PO REP
		MAPB3.1.3	CMCCT	Manexa as relacións entre ángulos definidos por rectas que se cortan ou por paralelas cortadas por unha secante, e resolve problemas xeométricos sinxelos nos que interveñen ángulos.	Si		PO REP

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2021-2022 - DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS. ANEXO PMAR

		MAPB3.1.4	CMCCT	Calcula o perímetro de polígonos, a lonxitude de circunferencias e a área de polígonos e de figuras circulares en problemas contextualizados, aplicando fórmulas e técnicas adecuadas.	Si	Si	PO REP
		MAPB3.1.5	CMCCT	Calcula áreas e volumes de poliedros regulares e corpos de revolución en problemas contextualizados, aplicando fórmulas e técnicas adecuadas.	Si	Si	PO REP
	B3.3	MAPB3.2.1	CMCCT	Divide un segmento en partes proporcionais a outros datos e establece relacións de proporcionalidade entre os elementos homólogos de dous polígonos semellantes.	Si	Si	PO REP
		MAPB3.2.2	CMCCT	Recoñece triángulos semellantes e, en situacións de semellanza, utiliza o teorema de Tales para o cálculo indirecto de lonxitudes.	Si	Si	PO REP
		MAPB3.3.1	CMCCT	Calcula dimensións reais de medidas de lonxitudes en situacións de semellanza (planos, mapas, fotos aéreas, etc.).			PO REP
	B3.6	MAPB3.5.1	CMCCT	Sitúa sobre o globo terráqueo o Ecuador, os polos, os meridianos e os paralelos, e é capaz de situar un punto sobre o globo terráqueo coñecendo a súa latitude e a súa lonxitude.			PO REP
10	B3.25	BXB3.25.1	CMCCT	Identifica en esquemas os órganos do aparello reprodutor masculino e feminino, e especifica a súa función.	Si	Si	PO
	B3.26	BXB3.26.1	CMCCT	Describe as principais etapas do ciclo menstrual e indica que glándulas e que hormonas participan na súa regulación.	Si	Si	PO
		BXB3.26.2	CMCCT	Identifica os acontecementos fundamentais da fecundación, do embarazo e do parto.	Si	Si	PO
	B3.27	BXB3.27.1	CMCCT	Discrimina os métodos de anticoncepción humana.	Si	Si	PO
	B3.28	BXB3.27.2	CMCCT CSC CCEC	Categoriza as principais doenzas de transmisión sexual e argumenta sobre a súa prevención.	Si	Si	PO CC
	B3.29	BXB3.28.1	CMCCT	Identifica as técnicas de reprodución asistida máis frecuentes.	Si	Si	CC
	B3.30	BXB3.29.1	CSC CCEC	Actúa, decide e defende responsablemente a súa sexualidade e a das persoas do seu contorno.	Si	Si	LC
	B3.5	BXB3.3.1	CSC	Argumenta as implicacións dos hábitos para a saúde, e xustifica con exemplos as eleccións que realiza ou pode realizar para promovelas individual e colectivamente.	Si		CC
	B3.6	BXB3.4.1	CMCCT	Recoñece as doenzas e as infeccións máis comúns, e relaciónaaas coas súas causas.	Si		PO
		BXB3.4.2	CMCCT	Distingue e explica os mecanismos de transmisión das doenzas infecciosas.	Si		PO
B3.7	BXB3.5.1	CSC	Coñece e describe hábitos de vida saudable e identifícaos como medio de promoción da súa saúde e da das demaispersoas.	Si		LC	

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2021-2022 - DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS. ANEXO PMAR

		BXB3.5.2	CSIEE CSC	Propón métodos para evitar o contaxio e a propagación das doenzas infecciosas máis comúns.	Si		CC	
		BXB3.6.1	CSC CSIEE	Establece diferenzas entre as doenzas que afectan as rexións dun mundo globalizado, e diseña propostas de actuación.			CC	
	B3.8 B3.9	BXB3.7.1	CMCCT CSC	Explica en que consiste o proceso de inmunidade, e valora o papel das vacinas como método de prevención dasdoenzas.	Si		PO	
	B3.10	BXB3.8.1	CSC	Detalla a importancia da doazón de células, sangue e órganos para a sociedade e para o ser humano.			CC	
	B3.11	BXB3.9.1	CSC CSIEE	Detecta as situacións de risco para a saúde relacionadas co consumo de substancias tóxicas e estimulantes, como tabaco, alcohol, drogas, etc., contrasta os seus efectos nocivos e propón medidasde prevención e control.	Si		TES	
		BXB3.10.1	CSC	Identifica as consecuencias de seguir condutas de risco coas drogas, para o individuo e a sociedade.	Si		TES	
	B5.1	FQB5.1.1	CMCCT CSC	Compara as principais fontes de enerxía de consumo humano a partir da distribución xeográfica dos seus recursos e os efectos ambientais.			LC	
	B5.3	FQB5.3.1	CMCCT	Explica a corrente eléctrica como cargas en movemento a través dun condutor.	Si		PO LC	
		FQB5.3.2	CMCCT	Comprende o significado das magnitudes eléctricas de intensidade de corrente, diferenza de potencial e resistencia, e relaciónaas entre si empregando a lei de Ohm.	Si		PO LC	
		FQB5.3.3	CMCCT	Distingue entre condutores e illantes, e recoñece os principais materiais usados como tales.	Si		PO LC	
	B5.3 B5.4	FQB5.4.2	CAA CMCCT	Constrúe circuitos eléctricos con diferentes tipos de conexións entre os seus elementos, deducindo de forma experimental as consecuencias da conexión de xeradores e receptores en serie ou en paralelo.			PO LC	
		FQB5.4.3	CMCCT	Aplica a lei de Ohm a circuitos sinxelos para calcular unha das magnitudes involucradas a partir das outras dúas, e expresa o resultado en unidades do Sistema Internacional.	Si		PO LC	
	B5.3 B5.5	FQB5.5.3	CMCCT	Identifica e representa os compoñentes máis habituais nun circuito eléctrico (condutores, xeradores, receptores e elementos de control) e describe a súa correspondente función.	Si		PO LC	
	B5.4 B5.6 B5.7	FQB5.6.1	CMCCT	Describe o proceso polo que distintas fontes de enerxía se transforman en enerxía eléctrica nas centrais eléctricas, así como os métodos de transporte e almacenaxe desta.	Si		LC	
	12	B2.8	MAPB2.3.1	CMCCT	Suma, resta e multiplica polinomios, expresa o resultado en forma de polinomio ordenado e aplícao a exemplos da vida cotiá.	Si	Si	PO
			MAPB2.3.2	CMCCT	Coñece e utiliza as identidades notables correspondentes ao cadrado dun binomio e unha suma por diferenza, e aplícaas nun contexto adecuado.	Si	Si	PO

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2021-2022 - DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS. ANEXO PMAR

B2.9 B2.10 B2.11	MAPB2.4.1	CMCCT	Resolve ecuacións de segundo grao completas e incompletas mediante procedementos alxébricos e gráficos.	Si	Si	PO
	MAPB2.4.2	CMCCT	Resolve sistemas de dúas ecuacións lineais con dúas incógnitas mediante procedementos alxébricos ou gráficos.	Si	Si	PO
	MAPB2.4.3	CMCCT	Formula alxebricamente unha situación da vida cotiá mediante ecuacións de primeiro e segundo grao, e sistemas lineais de dúas ecuacións con dúas incógnitas, resólveas e interpreta criticamente o resultado obtido.			PO
B4.1 B4.2 B4.3	MAPB4.1.1	CMCCT	Interpreta o comportamento dunha función dada graficamente, e asocia enunciados de problemas contextualizados a gráficas.			PO
	MAPB4.1.2	CMCCT	Identifica as características máis salientables dunha gráfica, e interprétaos dentro do seu contexto.	Si		PO
	MAPB4.1.3	CMCCT	Constrúe unha gráfica a partir dun enunciado contextualizado, e describe o fenómeno exposto.	Si		PO
B4.4 B4.5	MAPB4.2.1	CMCCT	Determina as formas de expresión da ecuación da recta a partir dunha dada (ecuación punto-pendente, xeral, explícita e por dous puntos), identifica puntos de corte e pendente, e represéntaas graficamente.			PO
B4.6	MAPB4.3.1	CMCCT	Representa graficamente unha función polinómica de grao 2 e describe as súas características.			PO

O peso de cada estándar especificarase en cada proba

- Lenda de competencias clave:

- ✓ CCL: Comunicación lingüística
- ✓ CMCCT: Competencia matemática e competencias básicas en ciencia tecnoloxía.
- ✓ CD: Competencia dixital.
- ✓ CAA: Competencia aprender a aprender.
- ✓ CSC: Competencias sociais e cívicas.
- ✓ CSIEE: Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
- ✓ CCEC: Conciencia e expresión cultural.

- Lenda de instrumentos de avaliación:

- ✓ LC: Lista de cotexo
- ✓ CC: Caderno de clase
- ✓ CP: Caderno de prácticas
- ✓ PO: Proba obxectiva
- ✓ TER: Traballos de exposición e síntese.
- ✓ REP: Resolución de exercicios e problemas
- ✓ GL: Glosario

3. METODOLOXÍA

3.1- Estratexias metodolóxicas.

A metodoloxía que utilizamos no desenvolvemento do programa debe permitir ao alumnado facerse preguntas, razoar, contrastar e extraer conclusións. Para logralo propoñemos as seguintes estratexias metodolóxicas.

- **Expositiva.** Esta estratexia é a máis aceptable cando os contidos a tratar son moi abstractos e teóricos. É recomendable presentar os contidos de modo moi elaborado e mediante un soporte oral ou escrito. Para que sexa efectiva debe ser reforzada mediante a realización dalgunhas actividades ou traballos complementarios que lle permitan ao alumnado profundizar no tema.
- **De indagación.** Esta estratexia é adecuada para a aprendizaxe de conceptos e procedementos e invita ao alumnado a reflexionar sobre as ideas aprendidas e buscar as formas máis adecuadas para traballar con elas.

Tamén debemos mencionar a importancia que teñen as tarefas sin unha solución clara ou cerrada nas que as diferentes opcións son igualmente posibles e válidas, que favorecen a profundización sobre os problemas complexos.

Un caso particular son os proxectos de investigación; é dicir, traballos de pequena envergadura nos que os alumnos, individualmente ou en grupo, levan a cabo unha investigación.

- **Deductiva.** Esta estratexia facilita que o alumnado mediante a realización dunha serie de actividades o máis diversificadas posible, constrúa os seus coñecementos, sendo o profesorado o que deseña e organice ditas actividades e interveña guiando o proceso e corrixindo os posibles erros e as situacións confusas.

Os criterios que tomamos como referencia para a aplicación destas estratexias metodolóxicas son os seguintes:

- Fomento da interacción social e do uso da linguaxe.
- Actividades que promovan relacións comunicativas.
- Potenciación da interacción profesora/o-alumno/a.
- Emprego do diálogo, os debates e a exposición de ideas.
- Favorecer a aprendizaxe significativa.

- Flexibilidade na organización dos espazos no centro para facilitar un clima de traballo e de aprendizaxe.
- Distribución do tempo suficiente e adecuado ao ritmo de aprendizaxe do alumando.
- O alumnado como protagonista da aprendizaxe e a figura do/a profesor/a como o seu facilitador.

3.2- Outras decisións metodolóxicas:

As particulares condicións nas que se desenvolve o programa de mellora do aprendizaxe e o rendemento permiten prestar ao alumnado que o cursa axudas pedagóxicas singulares.

3.2.1- Agrupamentos:

A agrupación das materias en ámbitos facilita un enfoque metodolóxico funcional, no que os contidos curriculares se deben tratar desde un punto de vista global, práctico, motivador e personalizado. É fundamental que o alumnado perciba a conexión que existe entre os contidos que debe aprender e o mundo que lles rodea, desde os puntos de vista científico, social, cultural e tecnolóxico. Partir de aspectos concretos para posteriormente profundizar e aumentar o grao de complexidade.

Tamén facilita a coordinación entre o profesorado e o coñecemento das características de cada alumno, xa que se incrementa o tempo que o profesorado pasa co mesmo grupo.

O criterio organizativo prioritario será a consecución do maior grao posible de **normalización**, no agrupamento do conxunto do alumnado, a organización óptima dos espazos e dos horarios e o emprego axeitado dos recursos dos que dispón o centro, xunto co resultado da avaliación psicopedagóxica, será o punto de partida para a configuración dos grupos.

Manterase a máxima **inclusión** do alumnado no seu grupo de referencia. En consecuencia, os alumnos/as do programa de mellora da aprendizaxe e o rendemento terán un **grupo ordinario de referencia** co que cursarán algunhas áreas do currículo común.

Por iso, as materias específicas do currículo serán impartidas nos grupos ordinarios. É importante que, na medida en que as posibilidades organizativas do centro o permita, o grupo no que se inclúa este alumnado nun supoña un incremento da ratio da clase, nin concorran outras circunstancias especiais (moitos repetidores, alumnos con problemas de conduta, alumnos con necesidades educativas especiais, etc).

Aínda que o Programa de Mellora da Aprendizaxe e o Rendemento constitúe en si mesmo **unha organización flexible dentro da etapa**, debe considerarse a posibilidade de adoptar dentro da aula os agrupamentos máis variados posibles, para que poidan recibir as axudas individuais e personalizadas de interacción cos compañeiros e do profesorado, flexibilizándoos segundo as tarefas, preferencias e potenciando a capacidade dos alumnos/-as para traballar en todo tipo de agrupamento.

Nos ámbitos o número de alumnos/as en clase debe ser de 10 como máximo. Isto fai posible:

- a) Unha mellor atención individual, o que facilita a aplicación de estratexias didácticas axustadas ás características de cada alumno e unha mellor avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe.
- b) Unha mellor adaptación ás necesidades do alumnado.
- c) O uso de métodos de traballo diversos, máis prácticos e motivantes para o alumno/a.
- d) Un seguimento e apoio tutorial máis cercano.

A súa vez o clima social da aula vese favorecido e o alumnado pode manifestar dunha maneira máis aberta as súas opinión, dificultades...

3.2.2- Tempos:

Para a confección de horarios é recomendable establecer bandas horarias para que os alumnos/as do Programa de Mellora da Aprendizaxe e o Rendemento cursen co seu grupo de referencia as materias comúns.

O profesorado que desenvolva o programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento precisa tempo para:

- e) Coordinación.
- f) Programación e deseño de actividades específicas.
- g) Coordinación co departamento de orientación.

É moi importante a colaboración continuada coas familias do alumnado do programa. A comunicación entre titor e familia debería producirse cando menos dúas veces ao trimestre.

O profesor/a-titor/a do grupo do Programa de Mellora da Aprendizaxe e o Rendemento reunirse cos titores dos outros grupos do mesmo nivel, sendo moi importante a súa coordinación co titor do grupo de referencia.

É necesaria unha adecuada coordinación do Departamento de Orientación cos departamentos didácticos das áreas específicas (ámbitos) e das materias de opción.

É recomendable, que os ámbitos teñan unha asignación horaria distinta as tradicionais de 50 minutos.

3º ESO			
GRUPO ESPECÍFICO	Ámbito lingüístico e social	Lingua galega e literatura Lingua castelá e literatura Ciencias sociais, xeografía e historia	9 horas
	Ámbito científico matemático	Matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas Física e químicas Bioloxía e xeoloxía	8 horas
	Ámbito de lingua estranxeira	Inglés	3 horas
GRUPO ORDINARIO	Titoría		1 hora
	Tecnoloxía		
	Educación física		
	Relixión/valores éticos		
	Música		
	Educación plástica, visual e audiovisual Segunda lingua estranxeira/Cultura clásica		

3.2.3- Espazos:

Garantirase que o grupo do Programa de Mellora da Aprendizaxe e o Rendemento dispoña do espazo necesario e adecuadamente equipado para cursar as materias e ámbitos nas mesmas condicións que o resto do alumnado.

O alumnado do programa poderá utilizar as instalacións e dependencias do centro na mesma forma que o resto do alumnado.

3.2.4- Recursos:

Os recursos materiais para este alumnado serán os mesmos que o centro dispón para o alumnado do 1º ciclo de ESO: libros de consulta, cadernos de exercicios, textos literarios, mapas e cartografía, material de laboratorio, instrumentos musicais, medios informáticos e audiovisuais (vídeos, presentacións, páxinas web con recursos interactivos, etc.)

Os materiais existentes deberán ser suficientes e axeitados para permitir o traballo con estes alumnos/as. O Programa de Mellora da Aprendizaxe e o Rendemento non ten unha asignación económica diferente.

3.2.5- Criterios de asignación do profesorado:

- Con carácter xeral, os ámbitos lingüístico-social e científico-tecnolóxico serán impartidos polo profesorado titor destes ámbitos e, na medida en que as posibilidades organizativas do centro o permitan, formarán parte do Departamento de Orientación.
- Cada ámbito será impartido por un único profesor-a. É conveniente que este profesor/a sexa o mesmo nos anos de duración do programa.
- É recomendable que o titor/a do programa de mellora da aprendizaxe e o rendemento sexa o mesmo durante a permanencia do programa. Esta tarefa recaerá nun/nunha profesor/a de ámbito.

3.3- Decisións metodolóxicas co fin de adaptarse á situación sobrevida pola pandemia da COVID-19:

- Elimínanse todas aquelas actividades en grupo que supoñan saltarse a distancia de seguridade de 1,5 m. Potenciaranse na medida do posible aquelas que se poidan facer telemáticamente.

- Preparouse o laboratorio de bioloxía e xeoloxía para que un máximo de 11 persoas poidan traballar nel mantendo a distancia de seguridade de 1,5 m. Elimínanse as prácticas de laboratorio naqueles grupos nos que se supere este número ou nas que o alumnado teñan que compartir material de laboratorio.

- Elimínase o uso de recursos didácticos compartidos: recursos de aula e da biblioteca do centro.

- Aplicarase un reforzo educativo a todo o alumnado repetidor e a aquel que se considere oportuno tras a avaliación inicial.

- No caso de que unha parte do alumnado sexa confinado, este alumnado seguirá as clases que se impartan no centro de forma telemática dende as súas casas. Estas clases serán complementadas por medio de actividades que se colgarán na aula virtual do grupo.

- No caso de que as clases presenciais sexan suspendidas e substituídas pola teledocencia, impartiranse as clases de forma telemática a través da plataforma Webex seguindo os horarios espello establecidos pola xefatura de estudos do centro. Estas clases serán complementadas por medio de actividades que se colgarán na aula virtual do grupo.

4. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O programa de mellora da aprendizaxe e rendemento é unha medida extraordinaria de atención á diversidade que combina unha adaptación curricular significativa e medidas organizativas específicas. Na planificación educativa do PMAR tivemos presente a atención á diversidade dunha forma global. Aínda así tamén é necesaria a atención á diversidade do alumnado que forma parte do programa. Isto fai que recapitulemos naquelas situacións que poidan supoñer unha diversidade no grupo, tales como:

- Situación na que o alumnado, debido á súa problemática persoal, presenta un progreso máis lento. Nestes casos axustaranse aos contidos mínimos.
- Situación na que o alumnado presenta un maior desenvolvemento das súas capacidades. Nestes casos daráselle a posibilidade de traballar ampliacións das mesmas e traballos de búsqueda de información.

A atención á diversidade contéplase en tres niveis: na programación, na metodoloxía e nos materiais:

➤ A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE NA PROGRAMACIÓN:

Os criterios de programación que responden á necesidade de atender á diversidade do alumnado máis destacados son:

- A secuenciación nunha orde crecente de dificultade e de especialización.
- A programación de contidos para a adquisición de métodos, técnicas e estratexias. A finalidade perseguida é que cada alumno poida desenvolver un traballo autónomo que lle permita progresar ao seu ritmo.
- A programación de actividades de motivación, ideas previas, de desenvolvemento, de síntese e resumo, de recuperación, de ampliación, de avaliación, etc.

➤ A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE NAS METODOLOXÍAS:

A atención á diversidade está contemplada tamén na metodoloxía e nas estratexias didácticas concretas que se van aplicar na aula.

➤ A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE NOS MATERIAIS UTILIZADOS:

Os materiais empregados son moi variados e preferentemente están elaborados polo profesor.

5. AVALIACIÓN

5.1- Aspectos xerais e cálculo da nota das avaliacións:

A avaliación do alumnado que realiza un programa de mellora da aprendizaxe e o rendemento é a establecida con carácter xeral para o alumnado da ESO.

Os referentes fundamentais da avaliación son as competencias e os obxectivos da educación secundaria obrigatoria así como os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliábeis. Esta avaliación será continua.

O alumnado é avaliado polo/a profesor/a que imparte cada o ámbito baixo a coordinación do/a profesor/a titor/a do programa. A cualificación do ámbito realízase nos mesmos termos que as materias, realizándose o cálculo da nota das avaliacións do seguinte xeito:

- Probas escritas (50%)
- Traballo de clase (40%)
- Caderno do profesor/a (10%)

No caso dun confinamento que leve consigo a teledocencia o cálculo da nota das avaliacións realizarase do seguinte xeito:

- Probas escritas (50%)
- Boletín de actividades (30%)
- Traballo escrito (20%)

Para a realización de probas escritas, no caso de que as clases presenciais teñan que ser suspendidas ou substituídas pola teledocencia ou no suposto de que un/unha alumno/a non poida realizar unha proba escrita de forma presencial, procederase do mesmo xeito que para o resto do alumnado da ESO.

En ambos casos para o redondeo empregárase o mesmo criterio que para o resto do alumnado da ESO.

5.2- Criterios de promoción do alumnado:

A promoción do alumnado realizarase atendendo aos seguintes criterios:

- O alumnado promociona ao cuarto curso se supera todos os ámbitos e materias que integran o programa.
- Non obstante, poderá promocionar o alumnado que, tendo superados os ámbitos lingüístico e social e científico e matemático, teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, e de maneira excepcional en tres, sempre que o equipo docente considere que o alumno ou alumna pode seguir con éxito o

curso seguinte, que ten expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución educativa. Para estes efectos, o ámbito de linguas estranxeiras terá a consideración dunha materia.

- O alumnado que promocioe a cuarto curso con materias ou co ámbito de linguas estranxeiras do programa pendentes, deberá seguir un programa de reforzo adaptado ás súas características e necesidades.

No tocante á permanencia, o alumnado poderá permanecer un ano máis no segundo curso do programa, sempre que o equipo docente considere esta medida como a máis adecuada para cursar cuarto curso da educación secundaria obrigatoria pola vía ordinaria, e obter o título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

5.3- Avaliación e recuperación de pendentes:

O alumnado que acceda a un programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento con materias pendentes de cursos anteriores realizará as actividades de reforzo e de apoio que lle permitan recuperalas ao longo do desenvolvemento do programa, e a avaliación será competencia do profesorado que o imparta, coa colaboración dos departamentos implicados.